Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Lendas urbanas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A maldición de San Martiño de Noia

A igrexa de San Martiño de Noia (A Coruña), construída na primeira metade do s. XV, está sen rematar. Fáltalle unha das torres, a esquerda, e crese que está maldita pois parece que o arquitecto, ou o canteiro, que realizaba a obra morreu de estraña maneira. Por unhas ou outras razóns, sempre con accidentes interpostos, a obra non se puido rematar nin se aconsella que se intente se non se quere morrer no intento.



Cuando preparaba las últimas escenas de la película "LA CAMPANA DEL INFIERNO"

Muere el director de cine Claudio Guerín, al caer de la torre de la iglesia de San Martín (NOYA)

(En página 18)

O director de cine Claudio Guerín Hill (Sevilla, 1939) morreu cando gravaba en Noia, coa igrexa de San Martiño de decorado, a súa segunda película. Para gravar os últimos planos simulou con material funxible a torre que faltaba e, disque por maldición, caeu desde un andamio colocado entre as dúas torres, a uns 20 metros de altura, e matouse. Era o 16 de febreiro de 1973, a primeira hora da tarde; tiña 35 anos. No chan da Praza do Tapal hai gravada unha cruz que indica o punto exacto onde caeu o seu corpo.

Hai quen afirma que a causa da morte non foi ningunha maldición senón un suicidio voluntario. A película rematouna Juan Antonio Bardem, está clasificada dentro do xénero de terror e titúlase “La campana del

infierno”; non tivo moito éxito.